

## MANIFESTO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI CO MOTIVO DO “DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER” (2022)

Estando a cumprir vinte tres anos dende que Asemblea xeral da ONU designara o día 25 de Novembro como o [Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller](#), invitando a gobernos, organizacións internacionais, ONGs, administracións en xeral, a dar un paso adiante, impulsando actividades que removan e aumenten a conciencia de toda a sociedade sobre a necesidade de erradicar este tipo de violencia, unha lacra que non nos podemos permitir nun estado social e democrático de dereito como é o noso.

Dita Asemblea na súa “declaración sobre a eliminación da violencia de xénero”, define a violencia contra as mulleres como “todo acto de violencia que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto si se producen na vida pública como na vida privada”. Os efectos psicolóxicos adversos da violencia contra as mulleres e nenas, ao igual que as consecuencias negativas para a saúde sexual e reprodutiva, afectan ás mulleres en toda a etapa da súa vida.

En España, a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero contabiliza a data 10/11/2022, 38 mortes de mulleres por mor da violencia de xénero; nesta cifra non se contabilizan os casos que están sendo investigados, co que o número real podería ser maior.

Tampouco debe esquecerse que a violencia de xénero ten outras vítimas: os/as menores de idade. No que vai de ano hai 2 menores mortos por esta violencia. Ademais, ata o momento, quedaron orfos 26 menores de idade por causa desta violencia.

A violencia contra as mulleres converteuse nun problema estrutural, de acordo coa ONU xa que unha de cada tres sofre violencia en todo o mundo e ningún país se libra desta pandemia, sendo unha das violacións de dereitos humanos máis estendida nas súas diferentes variantes: física, sexual, psicolóxica, económica, cultural, que incluso adquire maior crueldade a través da “violencia vicaria” aquela que se exerce sobre os seres queridos, en especial fillas e fillos, que son utilizados como un xeito de ameaza ou instrumento para causar a máxima dor posible a parella.

O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, quere sumarse nun día coma hoxe, á condena de todo tipo de violencia contra a muller e de calquera tipo de discriminación, por iso, consideramos a importancia de nomear e facer visibles estas violencias e as súas manifestacións, para que non se normalicen, para que as mulleres, nenas e rapazas independentemente da súa condición, clase social, procedencia, relixión, diversidade sexual a identifiquen e digan “NON A VIOLENCIA”, dende a dignidade e a liberdade, pedindo xustiza e reclamando os seus dereitos.

**O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**, leva anos traballando neste eido, é un dos poucos que constituíu no ano 2018 a Mesa Local de Coordinación Inter institucional contra a Violencia de Xénero, integrada por profesionais de distintos ámbitos que pretende a coordinación dos ámbitos representados na mesma para facilitar unha resposta máis áxil e adaptada no caso de haber vítimas de violencia de xénero e igualmente busca facilitar a detección precoz de casos. Esa imprescindible coordinación permite o coñecemento de recursos, das liñas de traballo dos diferentes ámbitos favorecendo a homoxeneización de criterios de actuación e impulsando estratexias de sensibilización cara á erradicación da violencia de xénero entre outras medidas.

A axuda que as mulleres vítimas necesitan, é moi diversa: xurídica, social, psicolóxica, etc. O importante é que sirva, a pesares da situación complexa que están a vivir, para conservar a súa vida e romper esa relación de control e maltrato. A axuda psicolóxica especializada permite non só saír desa relación, senón tamén recuperarse das secuelas producidas pola violencia, reconstruíndo de forma positiva a súa vida e ofrecendo un espazo de desenrolo e seguridade para fillas e fillos si os tiveran.

**Queremos deixar constancia do noso compromiso nesta loita, que debe ser conxunta por parte de toda a sociedade, contra calquera acto que atente contra a integridade e dignidade da muller e o noso compromiso en defender unha sociedade xusta e igualitaria, na que as mulleres e homes podamos como persoas que somos, encontrar ese respecto mutuo para seguir avanzando.**

**[POR ESE RESPECTO, XUSTIZA, E IGUALDADE, NON MÁIS VIOLENCIA!!](#)**